

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA  
FACULTADE DE HISTORIA DO 3 DE DECEMBRO DE 2020

**Lista de asistentes**

**Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade –**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín

**Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, Beatriz

**PDI**

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

**Membros da sociedade**

Díaz Naya, Rosa María

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

**Desculpan ausencia**

**PDI**

Comendador Rey, Beatriz,

**Membros da sociedade**

Eguileta Franco, José María

A comisión realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o xoves 3 de decembro de 2020, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de outubro de 2020.

2.- Informe da presidenta.

3.- Validación, se procede, do informe de coordinación do curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

4.- Validación, se procede, do documento de accións formativas para o PDI para o curso 2020-2021.

5.- Validación, se procede, do informe sobre necesidades do PAS da Facultade de Historia.

6.- Validación, se procede, do informe sobre a identificación das necesidades de formación do PAS do centro.

7.- Validación, se procede, do procedemento de realización da enquisa do Anexo IV do PAT a través da secretaría virtual.

8.- Validación, se procede, do formato no que se realizarán os exames do primeiro cuadrimestre.

9.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de outubro de 2020.**

Apróbase a acta por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Comeza o seu informe felicitando ao profesor Antonio Presedo Garazo, que cambia a súa situación laboral pasando a ser axudante doutor. Evidentemente é algo que chega un pouco tarde posto que facía moito tempo que era merecedor polos seus moitos méritos deste cambio de categoría profesional.

Mañá, día 4 de decembro, está previsto que se aprobe o calendario para as eleccións de novo/a decano/a para a Facultade de Historia. As eleccións serán o 15 de xaneiro, a hora está pendente de determinar.

Para os novos orzamentos para o ano 2021 comenta que hai moi boas novas. Comeza lembrando a situación do centro no exercicio económico 2020, no que se produciu unha baixada por importe de 6000 euros, o que provocou que a decana se reunira con membros do equipo reitoral para mostrar o seu malestar e deixar constancia da grave situación económica na que quedaba a facultade. Esa enorme diminución debíase a que nos orzamentos asignados se asumía o mantemento/reparación do edificio de ferro e dos pavillóns 1 e 2 na súa totalidade, aínda que esa elevada cantidade era xestionada pola administradora de campus. Isto producía unha situación bastante anómala porque en cifras contábase cun orzamento moi alto pero na realidade era moi pequeno. O acordo que se chegou nese ano, para non prexudicar á facultade, foi que servizos centrais asumía un gasto por eses 6000 euros, xa que non se podían modificar os orzamentos da Universidade de Vigo. Independentemente dese acordo a decana seguiu solicitando que se separara eses gastos (mantemento do edificio que xestionaba directamente a administradora) do orzamento do centro, engadindo que correspondía en realidade a tres centros (Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social, Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e Facultade de Historia).

Cando chegaron os orzamentos do 2021 a situación volvía a repetirse, non se tivera en conta os argumentos do ano pasado e producíase de novo unha redución que agora era de 2.000 €. A cantidade a distribuír polo centro quedaba unicamente de 22.000 €. En definitiva, en dous anos a rebaixa, sobre o papel, era de 8.000 €. Houbo que volver comezar coas reclamacións, foi unha loita intensa, sen obter en principio resposta. Sen ningunha explicación previa, o luns recibíuse un novo orzamento no que se acordaba que os gastos de reparación e mantemento dos edificios con centros repartidos se repartirían proporcionalmente en función dos metros cadrados que ocuparan. Esa decisión que mostraba a realidade, encheunos de ledicia porque quedamos cun orzamento propio de 50.400 €. O resultado resulta moi

satisfactorio e aínda que quedan moitas dúbidas respecto os orzamentos asignados en anos anteriores, pensamos que non ten sentido indagar nelo. Prefire pensar que nun determinado momento cando se asignou este gasto en solitario a un centro foi dotado economicamente, e quizáis, nun momento dado, esa dotación se foi perdendo por motivos que se descoñecen.

O que se respostaba sempre que se reclamaba era que a Facultade de Historia tiña máis do que lle correspondía cando era algo totalmente incerto. O problema derivaba de que se lle asignaba un orzamento que non podía xestionar na súa maioría porque correspondía ao mantemento de tres centros cuxo gasto era xestionado pola administradora de campus.

Insiste a decana de que se trata dunha excelente noticia, independentemente do que sucedera anteriormente. Nos últimos anos se estaban facendo grandes esforzos para poder realizar actividades e investimentos. Con este orzamento poderanse asumir eses proxectos dun xeito digno.

### **3.- Validación, se procede, do informe de coordinación do curso 2019-2020 do Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

O coordinador do mestrado pide a palabra. Indica que a actividade docente do título non estivo especialmente afectada pola crise da Covid-19. Houbo problemas as primeiras semanas porque a plataforma e-meeting comezou a funcionar tamén para a adaptarse á docencia online da UVigo provocada polo confinamento o que produciu un colapso, pero foi unicamente unha ou dúas semanas. O problema arranxouse cando entrou en funcionamento o Campus Remoto.

O que si se estiveron afectadas foron as materias de prácticas e o TFM. Este último adaptouse posto que se autorizaron cambios nas datas de lectura e defensa e nos títulos, adaptándoos a imposibilidade de realizar traballos de campo. As prácticas tiñan que ser presenciais e non se puideron realizar durante os meses de marzo, abril e maio. Moitas das empresas non permitían que se fixeran de xeito telemático, de modo que se adiaron ata os meses de xuño, xullo e agosto.

En relación á matrícula, informa que non se cubriu no primeiro prazo. Realizouse unha campaña de promoción para tentar cubrir prazas en setembro, editouse un vídeo, realizouse publicidade en medios dixitais e finalmente cubríronse as prazas sen problemas. Continúa explicando os distintos puntos do informe. Cando finaliza a decana agradécelle a Fermín Pérez o traballo desenvolvido.

Valídase o informe por asentimento.

#### **4.- Validación, se procede, do documento de accións formativas para o PDI para o curso 2020-2021.**

Desde o decanato mandouse a solicitude de accións formativas para o PDI. A profesora Beatriz Comendador realizou unha proposta que se inclúe e que transmitiremos ao servizo de formación.

Valídase o informe por asentimento.

#### **5.- Validación, se procede, do informe sobre necesidades do PAS na Facultade de Historia.**

Este asunto ten que ver co colectivo PAS. Antes a responsabilidade deste documento era da administradora de campus, pero agora delegou en Juan José Salgado, o xefe de equipo. A dinámica de enviar nun único documento as necesidades e as necesidades de formación se mantén, a pesar de que son dous procedementos diferentes.

Valídase o informe por asentimento.

#### **6.- Validación, se procede, do informe sobre a identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

Xa comentamos no punto anterior que a responsabilidade deste documento, que ten que ver co colectivo PAS era da administradora de Campus, pero agora delegou en Juan José Salgado, o xefe de equipo. A dinámica de enviar nun único documento as necesidades e as necesidades de formación se mantén, a pesar de que son dous procedementos diferentes.

Valídase o informe por asentimento.

#### **7.- Validación, se procede, do procedemento de realización da enquisa do Anexo IV do PAT a través da secretaría virtual.**

A presidenta explica as liñas xerais do informe. En relación coa participación nas enquisas, afirma que foi axeitada, tanto no primeiro cuadrimestre (presencial que se desenvolveu sen incidencias importantes), como para o segundo cuadrimestre marcado xa pola pandemia. Nesta circunstancia activouse unha enquisa a través da Secretaría Virtual, na que foi imprescindible a colaboración activa de Josefa Rodríguez Bouzas, xefa de negociado da Área de Apoio a Centros e Departamentos. O resultado da participación foi máis elevada que no primeiro polo que pensamos que sería convinte converter esta vía en habitual. Para implantar esta modalidade, débese validar esta proposta de realización das enquisas a través da secretaría virtual na Comisión de Calidade e aprobarse en Xunta de Facultade.

Valídase a proposta por asentimento.

**8.- Validación, se procede, do formato en que se realizarán os exames do primeiro cuatrimestre.**

A presidenta solicita á comisión, que se delegue na Xunta de Facultade que se realizará mañá, o debate e aprobación de como será o modelo de exame. Considera que dada a natureza do asunto a tratar canto máis profesorado opine será mellor. Valídase a delegación na Xunta de Facultade a aprobación do acordo.

**9.- Rolda de intervencións.**

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.15 horas do día 3 de decembro de 2020, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

A secretaria  
Asinado dixitalmente  
Josefina Cadilla Lomba